



Caderno da crítica

Cuestionario Proust: Xulio Pardo de Neyra

[Ramón Nicolás 11 Novembro 2014](#)

1.– Principal trazo do seu carácter?

– A constancia.

2.– Que calidade aprecia máis nas persoas?

– Todas as que implican calidade persoal.

3.– Que agarda das súas amizades?

– Lealdade, iso tan difícil de achar.

4.– A súa principal eiva?

– A insistencia.

5.– A súa ocupación favorita?

– Ser amante, pai e lucense, por esta orde.

6.– O seu ideal de felicidade?

– Vivir nun mundo onde se practique o respecto, a seriedade e a legalidade, onde as persoas sexamos libres e iguais en dereitos.

7.– Cal sería a súa maior desgraza?

– Sentir dor ou ver como o sente quen amo.

8.– Que lle gustaría ser?

– Nunca soñei con ser outra persoa distinta da que son, só con mellorar o que traio de serie.

Gustaría, iso si, de ser un bon intérprete de música: violinista ou pianista estaría ben...

9.– En que país desexaría vivir?

– Nunha Galiza onde prime o rigor, a fidelidade a nós mesmos e mesmas e a intelixencia.

10.– A súa cor favorita?

– A amarela.

11. – A flor que máis lle gusta?

– A camelia e a xesta branca

12.– O paxaro que prefire?

– A águia real, por iso da devoción cara á simboloxía familiar

13.– A súa devoción na prosa?

– Entre outros e outras, obras de Bataille, Chékov, Deleuze, Cortázar, Otero Pedrayo, Joyce, Pizán, Bisiou, Woolf, Lampedusa e Isabel Pedrosa funcionaron, nalgún momento, como aliadas miñas. Mais non son eu moito de símbolos, relixións e devocionarios

14.– E na poesía?

– Posto a elixir, podería citar o corpus medieval galego, Neruda, García Lorca, Cernuda, Vallejo, Méndez Ferrín, Mallarmé, Rubén Darío, Blanco-Amor ou Storni.

15.- Un libro?

– É moi difícil citar un só libro, mais agora veñenme á cabeza os *Sonetos líricos* de Quevedo e *El hondero entusiasta* de Pablo Neruda

16.– Un heroe de ficción?

– Se apelo á mitoloxía clásica, Προμηθεύς, Prometeo; se penso na literatura contemporánea Leopold Bloom, Poldy.

17.– Unha heroína?

– Seguindo o mesmo patrón anterior, Πηνελόπη, Penélope; e Adela, de *La casa de Bernarda Alba*

18.– A súa música favorita?

– A de Chopin, Debussy e Listz; a de José Castro Chané, Freire Penelas e Bal e Gay; a popular galega sempre.

19.– Na pintura?

– Klimt, Tamara de Lempicka, Mondrian, Barradas, Seoane, Díaz Pardo.

20.– Un heroe ou heroína na vida real?

– Todo aquel e toda aquela que verdadeiramente actúe defendendo a liberdade integral da persoa, mais por agarimo e fidelidade familiar podería falar dos meus próximos devanceiros Cachamuíña e Pepe Benito Munín, os libertadores de Vigo

21.– O seu nome favorito?

– Pili.

22.– Que hábito alleo non soporta?

– O de dar consellos.

23.– O que máis odia?

– A ignorancia e a estupidez humanas.

24.– A figura histórica que máis despreza?

– Son tantos os ditadores, imperialistas e integristas que seica son “figuras históricas”, que podería estar medio verán a nomear xente.

25.– Un feito militar que admire?

– A verdade, non admiro ningún dese tipo de feitos.

26.– Que don natural lle gustaría ter?

– O da intelixencia social, que eu relaciono ás veces moi de preto coa hipocrisía ou unha certa habilidade baleira de compromiso.

27.– De que maneira lle gustaría morrer?

– Tranquilo, con todo o siso, sen dor e a poder ser pasados os cen anos. Ah, se é durmindo mellor!

28.– Cal é o seu estado de ánimo máis habitual?

– Inquieto, con moita moita inquietude en todas as súas variantes.

29.– Que defectos lle inspiran máis indulxencia?

– Todos aqueles que teñan a ver co amor.

30.– Un lema na súa vida?

– Podería lembrar o que decote pronunciaba Hartt, personaxe de *Illa do Atlántico* de Waldo Frank, mais creo que na nosa casa funciona mellor o propio, así que cada can que lamba o seu carallo.